

PROCEDIMENTO PARA A ADQUISICIÓN DE MÁSCARAS

- **Normativa:** Orde do 28 de outubro de 2021 (DOG 12/11/2021)
- **Prazo de presentación de solicitudes:**
 - 15 ao 26 de novembro (ambos incluídos)
- **Lugar de presentación:** Na secretaría do centro
- **Requisitos:**
 - **Alumnado matriculado no curso 2021/2022 en Ed. Primaria beneficiario da axuda para material escolar (obtivo o cheque de 50 €). Neste caso o alumnado está exento de presentar a solicitude e concédenselle as máscaras de xeito automático.**
 - **Alumnado matriculado no curso 2021/22 en Ed. Primaria que non presentou solicitude para a axuda de material escolar ou saíu excluído e teñan unha renda per cápita igual ou inferior a 6000€ (exercicio fiscal 2019)***
 - **Alumnado matriculado no curso 2021/22 en Ed. Primaria con discapacidade igual ou superio ao 65% independentemente á renda familiar.**

Renda familiar per cápita = renda familiar dividida entre o número de membros da familia computables.

Cálculo da renda familiar = (casilla 435+ casilla 460)/número de membros da unidade familiar*

*Enténdese que son membros da unidade familiar (situación familiar a 31 de decembro de 2019)

- Pais non separados legalmente ou titores
 - Pais, non casados, que convivan
 - Pais separados legalmente ou divorciados con custodia compartida
 - Fillos menores de idade salvo os emancipados
 - Fillos maiores de idade con discapacidade suxeitos a patria potestade
 - Fillos solteiros menores de 25 anos que convivan ata 31 decembro 2019
 - Membro unidade familiar con discapacidade igual ou superior o 33% conta por dous membros (Tamén percepción de pensión por incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez ou equivalente de clases pasivas)
-
- **Documentación a presentar:**
 - **Anexo I e II (a vosa disposición na web da Consellería de Educación, na secretaría do centro e na web do colexio)**
 - **Copia do Libro de Familia no que figuren todos os membros da unidade familiar. (Traer tamén orixinal para facer comprobación)**
Se NON TEÑEN Libro de Familia ou a situación familiar é diferente á especificada no Libro de Familia poderán acreditar o número de membros empregando algún destes medios:
 - **No caso de separación ou divorcio, sentenza xudicial de separación ou divorcio ou o convenio regulador onde conste quen ten a custodia do menor**
 - **Certificado de empadramento da unidade familiar**
 - **Certificado do concello que acredite a situación familiar**

- **Certificado de discapacidade de calquera membro computable da familia recoñecido por órgano que non pertenza á Xunta de Galicia**
- **No caso de violencia de xénero no ámbito familiar, documentación que o acredite**

***Farase a consulta automática dos seguintes datos: dni ou nie, declaración da renda, percepción de pensión por incapacidade permanente total, absoluta e grande invalidez e grao de discapacidade recoñecida pola Xunta de Galicia. No caso de que os interesados non autoricen a consulta automáticas deste datos terán que achegar a documentación correspondente.**

*** Familias que teñen máis de 1 fillo no centro realizarán unha única solicitude.**